

Instrución 6/2020 da Secretaría Xeral relativa á ampliación de prazos asociados coa finalización do curso académico 2019-2020

Exposición de motivos

A crise sanitaria provocada pola COVID-19 obrigou a ditar distintas resolucións e Instrucións para afrontar a finalización do curso académico 2019-2020.

Entre as normas ditadas ao efecto pola USC a Instrución 4/2020 permitía autorizar, por causas académicas excepcionais e xustificadas polos centros, o adiamento para a finalización das prácticas académicas e a defensa dos traballos de fin de estudos de determinados alumnos ata finais do mes de novembro de 2020.

Isto provoca que o peche de curso non se desenvolva de acordo co previsto inicialmente para algunhas titulacións, polo que é preciso ditar unha instrución que ordene os prazos para o peche do curso 2019-2020.

Por todo isto, ditase a seguinte Instrución:

Artigo 1. Ámbito de aplicación

1.1. Esta instrución aplícase para as titulacións de grao e máster da USC nas que se autorizou, de acordo co establecido na Instrución 4/2020 da Secretaría Xeral, o adiamento para a finalización das prácticas académicas e a defensa dos traballos de fin de estudos de determinados alumnos ata o mes de novembro de 2020.

Ditas titulacións de grao e máster son as seguintes:

Titulacións de Grao:

- Bioloxía
- Ciencia Política e da Administración
- Comunicación Audiovisual
- Educación Social
- Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria
- Enxeñaría Forestal e do Medio Natural
- Enxeñaría Informática
- Mestre/a en Educación Infantil
- Mestre/a en Educación Primaria
- Psicoloxía
- Xornalismo

Titulacións de Máster Universitario:

- Avogacía - Lugo
- Avogacía - Santiago
- Desenvolvemento Económico e Innovación
- Dirección Contable e Financieira

- Dirección de Actividades Educativas na Natureza
- Dirección de Proxectos
- Enxeñaría de Montes
- Historia Contemporánea
- Investigación Química e Química Industrial
- Matemática Industrial
- Optometría
- Procesos de Formación
- Psicoxerontoloxía
- Servizos Culturais
- Xornalismo e Comunicación

1.2. Así mesmo, aplícase para o resto das titulacións de grao e máster da USC nas condicións que se establecen nesta Instrución con carácter xeral.

Artigo 2. Data límite para a solicitude de defensa dos traballos de fin de estudos

Os centros responsables das titulacións indicadas no artigo 1.1 poderán abrir un novo período de solicitudes de defensa dos traballos de fin de estudos para o alumnado ao que se lle autorizou o adiamento da defensa dos seus traballos. En calquera caso, establécese o 17 de novembro de 2020 como data límite de presentación de solicitudes de defensa para o alumnado autorizado.

Artigo 3. Data de peche das actas individualizadas de prácticas académicas e de traballos de fin de estudos

Establécese con carácter xeral a data de peche de actas individualizadas para o 5 de outubro de 2020, e amplíase para as titulacións indicadas no artigo 1.1 para o 30 de novembro de 2020.

Artigo 4. Data de peche das actas conxuntas de prácticas académicas

Establécese a data de peche de actas conxuntas relativas ás prácticas académicas que teñan tal carácter das titulacións indicadas no artigo 1.1 para o 30 de novembro de 2020.

Artigo 5. Data de peche das actas consolidadas de prácticas académicas e de traballos fin de estudos

Amplíase con carácter xeral a data de peche de actas consolidadas para o 16 de outubro de 2020. Para as titulacións indicadas no artigo 1.1 amplíase ata o 4 de decembro de 2020.

Artigo 6. Datras relativas ao procedemento de concesión dos premios extraordinarios de grao e máster

Establécese con carácter xeral a data límite de envío das propostas de concesión dos premios extraordinarios de grao e máster para o 20 de decembro de 2020, e para as titulacións indicadas no artigo 1.1 amplíase ata o 22 de xaneiro de 2021.

Entrada en vigor

Esta Instrución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro de Anuncios Electrónico.

A Secretaria Xeral

Dulce M^a García Mella

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 29/09/2020 13:04:44.

CSV: 624C-4394-43A3-8A3F